

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE
INFRAESTRUTURAS E A FUNDACIÓN REDE DE INNOVACIÓN AROUSA (RIA) PARA
O IMPULSO DE ACTUACIÓNS DE MELLORA DA MOBILIDADE E DA INTEGRACIÓN
DE INFRAESTRUTURAS VIARIAS EN ASENTAMENTOS DE POBOACIÓN NA
REXIÓN PERCORRIDA POLA ESTRADA AC-305**

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2021



REUNIDOS

Dunha parte, Ethel M^a Vázquez Mourelle presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, facultada para formalizar este convenio polo Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Infraestruturas.

E doutra parte a Fundación Rede de Innovación Arousa (RIA), en adiante Fundación RIA, con domicilio fiscal en Ribeira, Rúa do Porto nº 25, 15696 Corrubedo, e no seu nome D. David Alan Chipperfield, en calidade de Presidente e dacordo as atribucións que lle confire o cargo.

Ambas partes recoñécense mutuamente, na calidade con que cada un intervén, a capacidade legal necesaria para subscribir este convenio de colaboración, e para ese efecto,

EXPOÑEN

Primeiro. - Segundo o disposto no artigo 6 da Lei 7/2008 do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia, as actuacións das administracións públicas en materia de paisaxe deben atender, como mínimo, aos seguintes fins:

- 
1. A protección da paisaxe: entendida como todas aquelas accións que teñan como fin a preservación e conservación dos elementos máis significativos e característicos dunha paisaxe, xustificados polo seu valor patrimonial como resultante da súa configuración natural ou da intervención humana sobre o medio.
 2. A xestión da paisaxe: entendendo como tal aquelas accións que desde unha perspectiva de uso sustentable do territorio garantan o mantemento regular da paisaxe, a fin de guiar as transformacións inducidas por os procesos sociais, económicos e ambientais.
 3. A ordenación da paisaxe: que serán todas aquelas accións que presenten un carácter prospectivo particularmente acentuado con vistas a manter, mellorar, restaurar ou rexenerar paisaxes.

Do mesmo xeito haberá que ter en conta o disposto no apartado primeiro do artigo 14 da Lei 7/2008 do 7 de xullo, en base ao que a Xunta de Galicia, consonte ao establecido na citada Lei e na consideración da importancia ambiental, cultural, social e económica que posúen as nosas paisaxes como sinal de calidade de vida, promoverá accións de formación, sensibilización e educación dirixidas á sociedade galega en xeral, e aos xestores e usuarios do territorio en particular, que teñan como finalidade a promoción do entendemento, respecto e salvagarda dos elementos que configuran as nosas paisaxes.



Segundo.- Que a Axencia Galega de Infraestruturas está interesada en promover intervencións en estradas e travesías da súa titularidade que busquen unha mellor adaptación aos contextos urbanos e interurbanos que atravesan, procurando un aumento da seguridade; unha mellor integración destas nos núcleos urbanos; reverter situacións nas que as estradas producen puntos de degradación urbana; a inclusión de medios de mobilidade alternativos ao coche; e a execución de intervencións que permitan a xeración de espazos públicos de calidade para os veciños no seu conxunto.

Terceiro.- O Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016-2020 ten como obxectivo estratéxico 2 a consecución de “Vías de tránsito e mobilidade mais seguras” e para acadar este obxectivo prevé o desenvolvemento de distintas accións, tales como a

consideración do compoñente de seguridade viaria nos informes de planeamento e ordenación do territorio e nos proxectos de estradas, a mellora da seguridade viaria na zona de circulación e nas marxes das estradas, a mellora da seguridade viaria dos usuarios vulnerables, estudos sobre mobilidade nos camiños rurais, os itinerarios escolares seguros e manuais de boas practicas, entre outras.

Cuarto.- Que as entidades asinantes manteñen un compromiso cos obxectivos da Axenda 2030 de Desenvolvemento Sostible, adoptada polos Estados Membros das Nacións Unidas no 2015, que inclúe en tres dos seus 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible metas de seguridade vial, infraestruturas sostibles e cidades inclusivas, seguras, resilientes e sostibles:

- O.D.S. 3 «Garantir unha vida sa e promover o benestar para todos e todas en todas as idades»
- O.D.S. 9 «Construír infraestruturas resilientes, promover a industrialización inclusiva e sostible e fomentar a innovación»
- O.D.S. 11 «Lograr que as cidades e os asentamentos humanos sexan inclusivos, seguros, resilientes e sostibles».

Quinto.- A Fundación Rede de Innovación Arousa (RIA) é unha entidade privada de carácter cultural, sen ánimo de lucro e con proxección pública nacional e internacional. Segundo establece o artigo 7 dos seus estatutos, ten por obxecto e finalidade o estudo, a planificación e o desenvolvemento produtivo, económico e cultural do territorio galego. A Fundación RIA busca conciliar e potenciar os esforzos de persoas e institucións públicas e privadas relacionadas cos mesmos, e no seu caso operar como instrumento de coordinación destas.

Sexto.- A Fundación RIA vén desenvolvendo, con fondos propios e colaborando coas diferentes administracións, unha actividade continuada en materia de ordenación do territorio e urbanismo, no que as infraestruturas viarias teñen un papel fundamental. Os estudos e propostas desenvolvidos abordan conflitos relativos á seguridade de condutores e peóns; á degradación urbana xerada por vías urbanas e interurbanas que

atravesan as poboacións; ás deficiencias na articulación territorial do sistema público de mobilidade; á regulación do aparcamento no espazo público; e á recuperación e fortalecemento da identidade dos asentamentos.

Sétimo.- A Fundación RIA xa colaborou previamente coa Axencia Galega de Infraestruturas no desenvolvemento do *“Estudio de conflitos y estratexia de intervención para a integración da estrada AC-305 no entorno urbano de Palmeira (concello de Ribeira). P k 34+800 - 35+750”*, de clave AC/17/176.06. O estudo consistiu nunha análise e diagnose de conflitos da estrada AC-305 ao seu paso por Palmeira, baseada na análise urbanística, traballo de campo e participación veciñal. As conclusións da fase analítica permitiron a definición dun anteproxecto piloto de integración e rexeneración urbana. Editáronse documentos gráficos e desenvolvéronse accións de divulgación e comunicación pública do mesmo; e realizáronse aportacións aos pregos técnicos de licitación do proxecto.

Oitavo.- A Fundación RIA elaborou en 2019, por iniciativa e fondos propios, unha proposta estratéxica territorial de mobilidade que tiña como obxectivo articular os asentamentos da banda norte da ría de Arousa co eixo atlántico, Santiago de Compostela e as grandes infraestruturas de transporte galegas. Á estratexia, que responde ás necesidades territoriais de mobilidade derivadas da presenza de grandes focos industriais, permitiría implementar un sistema de transporte colectivo expres Santiago – Ribeira, con intercambiadores en cada nodo industrial, que conectarían os centros urbanos con liñas de buses eléctricos, liberando así, estes centros dunha gran proporción de áreas de aparcamento e reducindo as emisións considerablemente. Esta proposta, foi compartida desinteresadamente cos concellos da rexión, coa Dirección Xeral de Mobilidade e a Axencia Galega de Infraestruturas en 2019.

Noveno.- A Fundación RIA colaborou realizando labores de investigación, asistencia técnica e deseño centradas na protección e desenvolvemento dos valores territoriais, culturais e económicos de Galicia en colaboración con entidades públicas e privadas, entre as que se encontran a Fundación Banco Santander, a Universidade de Santiago de

Compostela ou o Instituto de Investigaciones Marinas (IIM), pertencente ao Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC)

Décimo.- A Fundación RIA desenvolve unha ampla e variada actividade propia de divulgación, participación e comunicación para a sensibilización da sociedade acerca da protección e desenvolvemento dos valores territoriais, facendo partícipe aos axentes sociais, comunidade científica, sectores industriais e administracións. Entre estas actividades atópanse conferencias, publicacións, contidos audiovisuais, foros participativos, mesas sectoriais, obradoiros de estudantes e exposicións.

Décimo primeiro.- A Axencia Galega de Infraestruturas pretende aproveitar a experiencia da Fundación RIA e en colaboración con ela incidir, a través dun conxunto de medidas, no deseño de viais máis seguros para os condutores e peóns, mellor adaptación aos contextos urbanos que percorre e cun deseño integral que mellore o estado e calidade do espazo público.

Considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, faise preciso artellar as bases para a óptima coordinación e así regular a colaboración nas súas actuacións. Para o fin mencionado, formalízase o presente convenio con suxeición ás seguintes cláusulas:



CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO



O presente convenio ten por obxecto definir o marco xeral de colaboración técnica e económica entre a Axencia Galega de Infraestruturas e a Fundación Rede de Innovación Arousa (RIA) para realizar unha serie de accións no ámbito da estrada AC-305 enfocadas á mobilidade segura e sustentable, á mellor adaptación da estrada aos contextos urbanos e interurbanos que atravesa, e á reversión de puntos de degradación urbana mediante a xeración espazos públicos de calidade para o conxunto dos veciños.

En concreto o obxecto comprende as seguintes actuacións:

- 1º- Análise global do ámbito percorrido pola estrada AC-305 e identificación de puntos de conflito e potencial intervención.
- 2º- Diagnoses específicas e elaboración de directrices estratéxicas para intervir en cinco ámbitos urbanos atravesados pola estrada AC-305 considerados puntos de conflito.
- 3º- Elaboración de propostas de intervención en cinco ámbitos urbanos atravesados pola estrada AC-305 considerados puntos de conflito.
- 4º- Elaboración de material divulgativo e realización de accións de comunicación pública en locais municipais para difundir entre a cidadanía as conclusións dos traballos desenvolvidos.

O orzamento necesario para a execución destas actuacións estimase en **DOUSCENTOS DOCE MIL NOVENTA EUROS (212.090,00 €)**.



SEGUNDA. COMPROMISOS DA FUNDACIÓN RIA



A Fundación RIA asume as seguintes obrigas:

- 1º- Respecto á análise global do ámbito percorrido pola estrada AC-305 e identificación de puntos de conflito e potencial intervención:
 - a) Realizar unha análise descritiva global da estrada AC-305, considerando a súa evolución histórica e relación coa autovía AG-11, que permita valorar a importancia no sistema de mobilidade territorial da rexión.
 - b) Desenvolver unha diagnose global da estrada AC-305 que permita describir a importancia dos diferentes tramos na mobilidade territorial e identificar puntos de especial atención.
 - c) Identificar e describir puntos de conflito e potencial intervención en núcleos de poboación atendendo a criterios de seguridade, degradación urbana, perda de identidade ou pobre calidade do espazo público, derivados do impacto da estrada AC-305.

- d) Facer partícipe ás autoridades municipais e outras entidades locais do proceso de diagnose global da AC-305.
- e) Elaborar unha memoria descritiva da diagnose e identificación de puntos de conflito, que incorpore planimetrías e reportaxes fotográficas, así como dos procesos de participación pública.
- f) Colaborar no financiamento desta acción cun importe de dez mil cincuenta euros (10.050,00€)

2º- En relación coas diagnoses específicas e elaboración de directrices estratéxicas para intervir en cinco ámbitos urbanos atravesados pola estrada AC-305 considerados puntos de conflito:

- 
- a) Desenvolver diagnoses específicas de cinco tramos identificados como puntos de conflito da estrada AC-305 en diferentes concellos que permitan extraer conclusións e elaborar propostas estratéxicas para guiar futuras intervencións de mellora urbana.
 - b) Facer partícipe ás comunidades locais na diagnose dos diferentes tramos da estrada AC-305 analizados mediante accións de participación pública.
 - c) Elaborar unha memoria descritiva da diagnose e das propostas estratéxicas para cada caso de estudo, así como dos procesos de participación pública realizados.
 - d) Colaborar no financiamento desta acción cun importe de trinta e tres mil cincocentos euros (33.500,00€)
 - i. Anualidade 2021 – 6.700€
 - ii. Anualidade 2022 – 13.400€
 - iii. Anualidade 2023 – 13.400€



3º- En relación á elaboración de propostas de intervención para cinco ámbitos urbanos atravesados pola estrada AC-305 considerados puntos de conflito.

- a) Elaborar propostas de intervención, a nivel de anteproxecto, para cada un dos tramos analizados que atendan a criterios de mellora da seguridade para condutores e peóns, mellora da calidade do espazo público e recuperación da identidade urbana de núcleos de poboación.

- b) Facer partícipe ás autoridades competentes e outras entidades locais do deseño das propostas, incorporando as súas apreciacións mediante reunións de seguimento e outras accións de participación pública.
- c) Elaborar unha memoria descritiva de cada unha das tres propostas de intervención para a mellora urbana dos tramos analizados, que incorpore planimetrías das intervencións, valoración económica estimativa e imaxes ilustrativas da intervención proposta.
- e) Colaborar no financiamento desta acción cun importe de trinta e tres mil cincocentos euros (33.500,00€)
 - i. Anualidade 2021 – 6.700€
 - ii. Anualidade 2022 – 13.400€
 - iii. Anualidade 2023 – 13.400€

4º- En canto á elaboración de material divulgativo e realización de accións de comunicación pública en locais municipais para difundir entre a cidadanía as conclusións dos traballos desenvolvidos:

- a) Elaboración de seis documentos divulgativos, un para a diagnose global da AC-305 e un para cada unha das propostas de intervención desenvolvidas, para a súa distribución entre a veciñanza e entidades locais.
- b) Organización de seis actos de participación pública abertos á veciñanza, un respecto á situación global da AC-305 e un para cada un dos puntos de intervención seleccionados para recoller as súas aportacións ao proceso de diagnose.
- c) Organización de seis actos de presentación pública abertos á veciñanza para dar a coñecer a diagnose global da AC-305 e as propostas elaboradas para cada unha das localizacións.
- d) Colaborar no financiamento desta acción cun importe de oito mil corenta euros (8.040,00€)
 - i. Anualidade 2021 – 2.680€
 - ii. Anualidade 2022 – 2.680€
 - iii. Anualidade 2023 – 2.680€

En resume a Fundación RIA comprométese a seguinte achega económica:

Anualidade	Importe €
2021	26.130,00
2022	29.480,00
2023	29.480,00
TOTAL	85.090,00

TERCEIRA. COMPROMISOS DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS

1º- Respecto á análise global do ámbito percorrido pola estrada AC-305 e identificación de puntos de conflito e potencial intervención:

a) Colaborar no financiamento desta acción cun importe de quince mil euros (15.000,00€) que se financiarán con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2021, aplicación orzamentaria 09.A1.512B.640.1 e código do proxecto 2007-00282.

a) Poñer a disposición do desenvolvemento desta acción a información dispoñible así como os medios necesarios para a asistencia técnica ao proceso de análise e diagnose.

b) Contribuír á difusión da diagnose e incorporar as súas conclusións ás estratexias de mobilidade e mellora de infraestruturas impulsadas pola Axencia Galega de Infraestruturas.

2º- En relación coas diagnoses específicas e elaboración de directrices estratéxicas para intervir en cinco contornas urbanas atravesadas pola estrada AC-305.

a) Colaborar no financiamento desta acción cun importe cincuenta mil euros (50.000,00€) que se financiarán con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, aplicación orzamentaria 09.A1.512B.640.1 e código do proxecto 2007-

00282, coa seguinte distribución de anualidades:

- a. Anualidade 2021 – 10.000€
 - b. Anualidade 2022 – 20.000€
 - c. Anualidade 2023 – 20.000€
- b) Poñer a disposición do desenvolvemento desta acción a información dispoñible así como os medios necesarios para a asistencia técnica ao proceso de análise e diagnose.
- c) Contribuír á difusión da diagnose e incorporar as súas conclusións ás estratexias de mobilidade e mellora de infraestruturas impulsadas pola Axencia Galega de Infraestrutura.

3º- En relación coa elaboración de propostas de intervención, a nivel de anteproxecto, para cinco contornas urbanas atravesadas pola estrada AC-305:

- 
- a) Colaborar no financiamento desta acción cun importe de cincuenta mil euros (50.000,00€), que se financiarán con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, aplicación orzamentaria 09.A1.512B.640.1 e código do proxecto 2007-00282, coa seguinte distribución de anualidades:

- a. Anualidade 2021 – 10.000€
 - b. Anualidade 2022 – 20.000€
 - c. Anualidade 2023 – 20.000€
- b) Poñer a disposición do desenvolvemento desta acción a información dispoñible así como os medios necesarios para a asistencia técnica ao proceso de deseño da proposta.
- c) Implementar aquelas medidas, derivadas dos estudos elaborados pola Fundación RIA, que se consideren axeitadas por parte dos técnicos da Axencia Galega de Infraestruturas, ben con medios propios da conservación de estradas ou mediante a tramitación dos contratos de execución de obras que se consideren necesarios.

4º- En canto á elaboración de material divulgativo e realización de accións de comunicación pública en locais municipais para difundir entre a cidadanía as conclusións dos traballos desenvolvidos:

- a) Colaborar no financiamento desta acción cun importe de doce mil euros (12.000,00€) que se financiarán con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, aplicación orzamentaria 09.A1.512B.640.1 e código do proxecto 2007-00282, coa seguinte distribución de anualidades:
- a. Anualidade 2021 – 4.000€
 - b. Anualidade 2022 – 4.000€
 - c. Anualidade 2023 – 4.000€
- b) Contribuír á divulgación das propostas mediante a participación de técnicos da Axencia Galega de Infraestruturas nos actos públicos organizados.

En resume a Axencia comprométese a seguinte achega económica:



Anualidade	Importe €
2021	39.000,00
2022	44.000,00
2023	44.000,00
TOTAL	127.000,00

Dado que se trata da tramitación anticipada dun expediente de gasto, de acordo coa normativa recollida na Orde de 11 de febreiro de 1998, modificada pola Orde 27 de novembro de 2000, e de 25 de outubro de 2001, queda condicionado o gasto que se proxecta, á existencia de crédito axeitado e suficiente nos orzamentos xerais de 2021.

CUARTA. – XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

A Fundación RIA xustificará as actuacións realizadas do seguinte xeito:

- a) En relación á actuación 1ª, a anualidade 2021 será xustificada mediante:
- o Entrega da diagnose global e identificación de puntos de conflito no ámbito da estrada AC-305 descrito no punto 1º das obrigas da Fundación RIA.

- o Entrega dunha memoria descritiva das actuacións desenvoltas, recursos empregados e fitos alcanzados no ano 2021.
- o Un certificado asinado pola persoa responsable da Fundación RIA onde se exprese que por parte desta se realizaron os fitos previstos para esta actuación no ano 2021.

b) En relación á actuación 2ª, a anualidade 2021 será xustificada mediante:

- o Entrega da diagnose do TRAMO 1 que percorre a estrada AC-305, descrito no punto 2 das obrigas da Fundación RIA
- o Entrega dunha memoria descritiva e fotográfica das actuacións desenvoltas, actos públicos realizados, con data de realización e número de asistentes, recursos empregados e fitos alcanzados no ano 2021.

Un certificado asinado pola persoa responsable da Fundación RIA onde se exprese que por parte desta se realizaron os fitos previstos para esta actuación no ano 2021.



c) En relación á actuación 3ª, a anualidade 2021 será xustificada mediante:

- o Entrega, con conformidade por parte da Axencia Galega de Infraestruturas, da memoria técnica da proposta de intervención para a reforma urbana do TRAMO 1 que percorre a estrada AC-305, descrita no punto 3 das obrigas da Fundación RIA.
- o Entrega dunha memoria descritiva e fotográfica das actuacións desenvoltas, actos públicos realizados, con data de realización e número de asistentes, recursos empregados e fitos alcanzados no ano 2021.
- o Un certificado asinado pola persoa responsable da Fundación RIA onde se exprese que por parte desta se realizaron os fitos previstos para esta actuación no ano 2021.

d) En relación á actuación 2ª, a anualidade 2022 será xustificada mediante:

- o Entrega das diagnoses do TRAMO 2 e TRAMO 3 que percorre a estrada AC-305, descritas no punto 2 das obrigas da Fundación RIA

- o Entrega dunha memoria descritiva e fotográfica das actuacións desenvoltas, actos públicos realizados, con data de realización e número de asistentes, recursos empregados e fitos alcanzados no ano 2022.
- o Un certificado asinado pola persoa responsable da Fundación RIA onde se exprese que por parte desta se realizaron os fitos previstos para esta actuación no ano 2022.

e) En relación á actuación 3ª, a anualidade 2022 será xustificada mediante:

- o Entrega, con conformidade por parte da Axencia Galega de Infraestruturas, da memoria técnica da proposta de intervención para a reforma urbana do TRAMO 2 e TRAMO 3 que percorre a estrada AC-305, descrita no punto 3 das obrigas da Fundación RIA.

Entrega dunha memoria descritiva e fotográfica das actuacións desenvoltas, actos públicos realizados, con data de realización e número de asistentes, recursos empregados e fitos alcanzados no ano 2022.

- o Un certificado asinado pola persoa responsable da Fundación RIA onde se exprese que por parte desta se realizaron os fitos previstos para esta actuación no ano 2022.

f) En relación á actuación 2ª, a anualidade 2023 será xustificada mediante:

- o Entrega das diagnoses do TRAMO 4 e TRAMO 5 que percorre a estrada AC-305, descritas no punto 2 das obrigas da Fundación RIA
- o Entrega dunha memoria descritiva e fotográfica das actuacións desenvoltas, actos públicos realizados, con data de realización e número de asistentes, recursos empregados e fitos alcanzados no ano 2023.
- o Un certificado asinado pola persoa responsable da Fundación RIA onde se exprese que por parte desta se realizaron os fitos previstos para esta actuación no ano 2023.

g) En relación á actuación 3ª, a anualidade 2023 será xustificada mediante:

- o Entrega, con conformidade por parte da Axencia Galega de Infraestruturas,



da memoria técnica das propostas de intervención para a reforma urbana do TRAMO 4 e TRAMO 5 que percorre a estrada AC-305, descritas no punto 3 das obrigas da Fundación RIA.

- o Entrega dunha memoria descritiva e fotográfica das actuacións desenvolvidas, actos públicos realizados, con data de realización e número de asistentes, recursos empregados e fitos alcanzados no ano 2023.
- o Un certificado asinado pola persoa responsable da Fundación RIA onde se exprese que por parte desta se realizaron os fitos previstos para esta actuación no ano 2023.

h) En relación á actuación 4ª, a anualidade 2021 será xustificada mediante:

- o Entrega de dous documentos divulgativos para comunicación pública correspondentes á actuación 1ª (análise global da estrada AC-305) e á actuación 2ª (diagnose e memoria técnica da proposta do TRAMO 1)
- o Entrega dunha memoria descritiva e fotográfica das actividades de comunicación desenvolvidas, actos públicos realizados, con data de realización e número de asistentes, recursos empregados e fitos alcanzados no ano 2021.
- o Un certificado asinado pola persoa responsable da Fundación RIA onde se exprese que por parte desta se realizaron os fitos previstos para esta actuación no ano 2021.



A anualidade 2022 será xustificada mediante:

- o Entrega de dous documentos divulgativos para comunicación pública correspondentes ás actuacións 2ª e 3ª (diagnoses e memorias técnicas das propostas dos TRAMOS 2 e 3)
- o Entrega dunha memoria descritiva e fotográfica das actividades de comunicación desenvolvidas, actos públicos realizados, con data de realización e número de asistentes, recursos empregados e fitos alcanzados no ano 2022.
- o Un certificado asinado pola persoa responsable da Fundación RIA onde se



exprese que por parte desta se realizaron os fitos previstos para esta actuación no ano 2022.

A anualidade 2023 será xustificada mediante:

- o Entrega de dous documentos divulgativos para comunicación pública correspondentes ás actuacións 2ª e 3ª (diagnoses e memorias técnicas das propostas dos TRAMOS 4 e 5)
- o Entrega dunha memoria descritiva e fotográfica das actividades de comunicación desenvolvidas, actos públicos realizados, con data de realización e número de asistentes, recursos empregados e fitos alcanzados no ano 2023.



Un certificado asinado pola persoa responsable da Fundación RIA onde se exprese que por parte desta se realizaron os fitos previstos para esta actuación no ano 2023.

A xustificación das actuacións realizadas deberá acompañarse dos xustificantes de gasto nos que incorra a Fundación RIA na realización destas actuacións e deberán presentarse ante a Axencia Galega de Infraestruturas con data límite do 10 de decembro de cada anualidade.

A Axencia Galega de Infraestruturas procederán ao pagamento das cantidades consignadas no convenio unha vez xustificadas as actuacións realizadas segundo as obrigas previstas nas cláusula segunda.

QUINTA. SEGUIMIENTO E CONTROL

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión mixta de seguimento. A dita comisión actuará como mecanismo conxunto de plena efectividade e reunirse a petición dunha das partes. A comisión estará composta por un representante da Axencia Galega de Infraestruturas e un representante da Fundación



Rede de Innovación Arousa (RIA). A comisión mixta de seguimento reunirase con motivo do seguimento do traballo na periodicidade que se estime necesario.

Esta comisión mixta desenvolverá os obxectivos que xustifican o asinamento deste convenio, cumprindo de modo específico as seguintes funcións:

- a) Interpretar e aplicar, con carácter xeral, as estipulacións deste convenio, así como controlar o seu cumprimento e resolver os conflitos entre as partes.
- b) Propoñer addendas ou modificacións a este convenio para que sexan aprobados polos órganos competentes.
- c) Seguimento das actividades contempladas no presente convenio
- d) Liquidación do convenio se fose o caso.

As cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do convenio serán resoltas pola Axencia Galega de Infraestruturas, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra estes acordos poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.



SEXTA. NATUREZA DO CONVENIO

Este convenio ten natureza administrativa e regularase polo establecido no presente convenio e pola Lei 40/2015 do 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

O desenvolvemento dos compromisos, obrigas e demais actuacións contidas no presente convenio rexeranse polo establecido nas cláusulas do mesmo.

SÉTIMA.- MODIFICACIÓNS E RESOLUCIÓN

As partes poderán denunciar ou modificar o presente convenio en calquera momento por mutuo acordo, formalizándose mediante addenda cos mesmos requisitos e condicións que para a aprobación do convenio. A denuncia por unha das partes deberá comunicarse por escrito á outra parte con tres meses de antelación á data na que se vaia a dar por finalizado.

Son causas de resolución do presente convenio:

- 
- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga deste.
 - b) O acordo unánime de todas as persoas asinantes.
 - c) O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.
 - d) A decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio
 - e) A inviabilidade da realización da actuación por causas non imputables ás partes.
 - f) A denuncia por causas de interese público a instancia de calquera das partes asinantes.
 - g) O incumprimento de carácter total ou parcial de calquera das cláusulas do presente convenio. Entenderase por incumprimento parcial aquel que implica en maior ou menor grao a non consecución dos fins propios do convenio ou impidan de xeito directo ou indirecto as actuacións previstas no presente convenio.
 - h) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.



OITAVA.- PUBLICIDADE

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).

NOVENA.- VIXENCIA

O presente convenio de colaboración entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro do 2023.

E en proba de conformidade, ambas partes asinan o presente convenio de colaboración, por triplicado exemplar, no lugar e data sinalados no encabezado.

Ethel M^a Vázquez Mourelle
Presidenta da Axencia Galega de
Infraestruturas



David Alan Chipperfield
Presidente da Fundación Rede de
Innovación Arousa (RIA)

